



## MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN Nº 1: PROCEDEMENTO DE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO OU EXPLOTACIÓN E DOS GASTOS DE ANIMACIÓN DA EDLP POLOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

A instrución número 1 ditouse o 15 de xuño de 2016 despois da sinatura dos convenios de colaboración cos GALP, respondendo á necesidade de facilitar o procedemento de xustificación de gastos aos GALP.

O punto D) de esta, establece entre outros requisitos, o prazo de presentación das xustificacións trimestrais de gastos:

*As xustificacións presentaranse separando con claridade os gastos de funcionamento dos gastos de animación, perante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, nos 15 días seguintes ao fin de cada trimestre ou do momento do esgotamento do anticipo.*

Na actualidade, tendo en conta que o prazo de presentación ante a consellería coincide en determinados trimestres coa acumulación do traballo derivado da instrución de solicitudes de axuda e a revisión das contas xustificativas dos beneficiarios das mesmas, á solicitude dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro, procede modificar o parágrafo que establece o prazo de presentación das xustificacións do seguinte xeito:

*As xustificacións presentaranse separando con claridade os gastos de funcionamento dos gastos de animación, perante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar da Xunta de Galicia como norma xeral, nos 25 días seguintes ao fin de cada trimestre ou do momento do esgotamento do anticipo.*

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

